
Obxectivos

NECESIDADES FORMATIVAS NO SECTOR FORESTAL EN ESPAÑA

Este estudo realizouse ante a necesidade de paliar unha serie de carencias formativas no sector forestal español. A súa confección estivo enfocada á consecución dos obxectivos que se formulan a continuación.

1.1 OBXECTIVO XERAL

A meta principal deste estudo foi a de obter unha adecuación dos plans e programas formativos para os traballadores das empresas do sector forestal español a través da detección e a análise das súas necesidades formativas.

1.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer a realidade económico-empresarial, formativa e laboral do sector forestal e a súa previsible evolución.
- Identificar aquelas innovacións e procesos produtivos que aparecen no sector obxecto do estudo.
- Analizar a evolución das ocupacións no sector.
- Identificar as carencias formativas existentes que dificulten a adaptación permanente ao posto de traballo e a adquisición de perfís profesionais idóneos.
- Identificar procesos, procedementos e métodos de traballo no contexto laboral do sector forestal español, definindo puntos críticos para a calidade do desempeño laboral.
- Identificar e describir a estrutura e a configuración do sector forestal, así como analizar a situación económica e empresarial en termos de produción, concorrencia, vendas, comercio interior e exterior, consumo e creación de emprego.
- Describir os procesos produtivos e identificar os factores tecnolóxicos e organizativos que caracterizan as actividades do sector.
- Estudar a evolución do sistema produtivo e, en especial, os cambios producidos pola incorporación de tecnoloxías da información e comunica-

ción, pola Política Agraria Común (PAC) e por outras normativas específicas e de ámbito xeral relativas ao medio ambiente e á prevención de riscos laborais, así como aos cambios técnicos e organizativos do sector forestal.

- Identificar a situación das empresas en relación co seu posicionamento no mercado.

- Realizar previsións de evolución para poder prever a incidencia da evolución do sistema produtivo nas ocupacións e as necesidades de formación.

- Realizar un mapa de cursos tendo en consideración as ocupacións existentes no sector forestal determinando áreas e itinerarios ocupacionais.

- Analizar por cada ocupación o volume de emprego, a situación laboral, os cambios derivados da evolución do sistema produtivo nos perfís profesionais e nas competencias profesionais, posibilitando así a adaptación dos plans formativos á realidade ocupacional do sector.

- Facer unha previsión sobre a evolución futura das ocupacións de forma xeral identificando as ocupacións emerxentes, as ocupacións en proceso de desaparición, en expansión e/ou en recesión.

- Analizar en cada ocupación identificada as necesidades de formación, con especial atención aos colectivos específicos, para estimar, a partir de aquí, o número de traballadores afectados por cada necesidade detectada, contemplando a súa distribución xeográfica.

- Definir a oferta formativa dispoñible e as dificultades de acceso á formación dos traballadores do sector como requisitos para responder ás necesidades de formación detectadas.

- Establecer itinerarios formativos para responder ás necesidades de formación en cada ocupación.

- Realizar a previsión futura nos próximos anos da demanda e a oferta de formación para posibilitar o establecemento de medidas para dar resposta axeitada ás necesidades de formación do sector forestal. E facilitar o acceso dos traballadores a accións de formación continua e sentar as bases para a formación ocupacional.
